Juan Domingo De Deus Fontcoba (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 06/11/2026
HASH: 939c506ce72dff834c090988efa418de

Unidade xestora: Secretaría-Persoal

Actividade: Folgas

Procedemento: Folgas

Código de clasificación: 22475423

Expediente: 2242/2026

Trámite: Publicación.- Anuncio

ANUNCIO

Dáse publicidade á Resolución de Alcaldía núm. 2026-1198, de 5 de novembro de 2026 pola que se marcan os servizos mínimos ante a convocatoria de folga xeral convocada para o vindeiro 11 de novembro de 2026:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. Consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica e xestión documental Gestiona 2242/2026, comunicación das empresas que xestionan o servizo de EIM As Lagoas e parcialmente o Servizo de Axuda no Fogar, con proposta de servizos mínimos, co obxectivo de salvagardar a atención básica e urxente ás persoas usuarias con motivo da folga xeral convocada para o vindeiro 11 de novembro de 2026.

Repecto dos servizos municipais xestioandos de xeito directo, non se verifica a presentación no rexistro xeral de comunicación por parte das persoas representantes do persoal con tal motivo.

Tendo en conta o interese público na prestación dos servizos públicos municipais que se consideran esenciais, considérase necesario realizar pronunciamento e garantir os que se consideran mínimos e de imprescrindible prestación.

Para tal efecto debe lembrarse que ningún dereito fundamental pode ser considerado como absoluto (art. 28.2º e 53 Constitución española), se non que o ser exercicio debe ser conciliado con outros igualmente presentes neste caso de carácter colectivo e interese público, de xeito proporcionado, respectando os intereses públicos prevalentes en cada caso.

Para tal efecto, se emiten sendos informes da psicóloga municipal de 28 de outubro de 2026:

"…

Consideracións legais e técnicas:

O horario establecido para EIM durante o presente curso escolar é de 07.30 a 16.00 horas.
A ocupación total é de 32 alumnos/as nas unidades autorizadas con servizo complementario de comedor segundo a seguinte distribución :

- Unidade 0-2..... 2 menores Unidade con seis (6) prazas vacantes.
- Unidade 1-2 .....13 menores. Unidade Completa
- Unidade 2-3 .....17 menores. Unidade con 3 prazas vacantes (20 autorizadas)

Cod. Validación: PWQG7ZC2Y1LDAAPQZYTAXGP2RG
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

A Escola Infantil Municipal dispón do seguinte persoal para as 3 unidades concedidas:

1 Directora-Educadora	09:00	15:30	TCO. SUP. E**I**.
1 Educadora	08:24	16:00	TCO. SUP. EI
1 Educadora	09:00	15:30	TCO. SUP. EI
1 Educadora	07:24	15:00	TCO. SUP. EI
1 Educadora	12:00	16:00	TCO. SUP. EI
1 Persoal cociña	10:00	14:00	EXB
1 Persoal limpeza	16:30	19:30	ESO

A Sección segunda do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establece os requisitos para as escolas infantís 0-3.

No Artigo 24 establecése á finalidade:
"*A finalidade prioritaria das escolas infantís 0-3 é desenvolver a atención educativa e asistencial establecida para este tramo de idade."*

O Artigo 25 determina que:
"Cada centro abrirá durante un mínimo de oito horas diarias, en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns a venres e doce meses ao ano, salvo causa xustificada.

Non obstante, respectando estes mínimos, cada centro poderá determinar os seu calendarios e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral".

O mesmo decreto establece a proporción de adulto/neno: dun número igual ao de unidades en funcionamento máis un.

Polo anteriormente exposto, INFORMO que,

- Pode cumprirse a finalidade asistencial do centro cunha (1) educadora de atención directa no horario de 07.30 a 15.00horas, outra (1) educadora de atención directa no horario 08.30 a 16.00 horas e unha (1) educadora de apoio con horario suficiente para desenvolver ás funcións asistenciais (vixiancia sono, cambio cueiros, entrega menores.).
- O servizo de comedor, ao ser opcional, non se considera esencial para cumprir a finalidade asistencial.
- Deberá garantirse a hixiene do centro (baleirado de contedores e papeleiras, limpeza básica aseos e demáis estancias onde permaneza o alumnado).
- As familias usuarias deberán ser debidamente informadas dos servizos mínimos establecidos.
- Dar traslado na vindeira comisión informativa de Benestar Social e Igualdade que se convoque tras a posible resolución

…".

Cod. Validación: PWQG7ZC2YLDAAPQZYTAXGP2RG
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5

E da traballadora social coordinadora do Servizo de Axuda no Fogar de 4 de novembro de 2026:

"…

Tendo en conta a mencionada convocatoria, é preciso determinar qué tipo de servizos mínimos deben executarse, contemplando as seguintes intervencións:

- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, durante o tempo preciso para realizalas: aseos, mudas de cueiro

- Naqueles casos nos que non exista rede de apoio familiar ou se considere inaxeitada garantiranse a elaboración das comidas, así como o apoio durante as mesmas e a toma da medicación

No Anexo I recóllense as persoas usuarias ás que será preciso garantirlles estes servizos mínimos, así como os tramos de atención que terán que prestarse e as actuacións que precisan.

Determínase que para prestar o servizo de xestión directa municipal serán necesarios tres efectivos do persoal.

…".

E informe xurídico de secretaría da mesma data.

Desta forma, e pese a falta de cumprimento parcial advertido no procedemento por ausencia de convocatoria no prazo marcado cando se afecte a servizos públicos, en función do establecido no Real Decreto-Lei 17/1977, de 4 de marzo, sobre relacións de traballo, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, o Regulamento municipal que disciplina a prestación do indicado servizo e o Contrato administrativo e PCAP/PPT do contrato de concesión do servizo público de axuda ao fogar; Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establece os requisitos para as escolas infantís 0-3, o Regulamento municipal que disciplina a prestación do indicado servizo, e ao abeiro do establecido no artigo 21.1º. a) e k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ao abeiro do establecido no artigo 21.1º.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, por medio da presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Servizo de Axuda no Fogar:

1º Prestar conformidade á definición de servizos mínimos fixados pola empresa que presta xunto co Concello o servizo, Protección Geriátrica 2005, S.L.:

1. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, durante o tempo necesario para tódalas persoas usuarias do SAF.

2. Nos casos en que non exista rede de apoio familiar ou que esta sexa valorada como

Cod. Validación: PWQG7ZC2YLDAAPQZYTAXGP2RG
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5

"débil" ou "non axeitada" polo persoal técnico, débese garantir a elaboración e preparación de comidas, así como o apoio durante as mesmas.

2º. Marcar como servizos mínimos a prestar directamente polo Concello segundo relación Anexo I de persoas usuarias ás que será preciso garantirlles estes servizos mínimos, así como os tramos de atención que terán que prestarse e as actuacións que precisan:

- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, durante o tempo preciso para realizalas: aseos, mudas de cueiro.

- Naqueles casos nos que non exista rede de apoio familiar ou se considere inaxeitada garantiranse a elaboración das comidas, así como o apoio durante as mesmas e a toma da medicación

- Ditos servizos serán asumidos por tres persoas empregadas públicas tras a realización do sorteo rotativo dentre as contempladas no Anexo I do informe de 4 de novembro de 2026.

3º. Dar traslado da presente resolución á empresa Protección Geriátrica 2005, S.L., que actualmente está a atender determinados domicilios, co fin de que esta coñeza as condicións para a realización de servizos mínimos.

SEGUNDO.- Escola Infantil Municipal As Lagoas:

-Pode cumprirse a finalidade asistencial do centro cunha (1) educadora de atención directa no horario de 07.30 a 15.00horas, outra (1) educadora de atención directa no horario 08.30 a 16.00 horas e unha (1) educadora de apoio con horario suficiente para desenvolver ás funcións asistenciais (vixiancia sono, cambio cueiros, entrega menores.).

- O servizo de comedor, ao ser opcional, non se considera esencial para cumprir a finalidade asistencial.

- Deberá garantirse a hixiene do centro (baleirado de contedores e papeleiras, limpeza básica aseos e demáis estancias onde permaneza o alumnado).

- As familias usuarias deberán ser debidamente informadas dos servizos mínimos establecidos.

TERCEIRO.- Restantes servizos mínimos municipais:

1º. Pola necesidade de poder garantir termos e prazos nos procedementos administrativos nas diferentes Administracións Públicas, as situacións de emerxencia e seguridade cidadá que podan xurdir e a salubridade nos centros escolares e dotacións de titularidade local, considerase que deberán prestarse os seguintes servizos:

- Rexistro xeral respecto das persoas que en función do establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, non veñan obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.
- Grupo de Emerxencias Supramunicipal: empregados públicos do turno correspondente a ese día.
- Limpeza: deberá garantirse a hixiene dos centros CEIP Plurilingüe Unión Mugardesa e CEIP Santiago Apóstolo co (baleirado de contedores e papeleiras, limpeza básica aseos e demáis estancias onde permaneza o alumnado) polas persoas empregadas

Cod. Validación: PWQG7ZC2YLDAAPQZYTAXGP2RG
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5

públicas adscritas a ditas tarefas.

- Policía Local, dous efectivos.

CUARTO.- Dar traslado da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realice para os efectos da súa ratificación e ás Comisións Informativas Permanentes que correspondan.

QUINTO.- Comunicar o contido da presente Resolución á traballadora social que realiza as funcións de coordinadora do servizo de axuda no fogar e á psicóloga do concello de Mugardos para o control e seguimento do seu cumprimento.

SEXTO.- Dar traslado da presente Resolución ás persoas representantes do persoal do Concello de Mugardos."

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.

O Alcalde

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Cod. Validación: PWQG7ZC2YLDAAPQZYTAXGP2RG
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5